

Resolución da Secretaría Xeral pola que se autoriza o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela para a acreditación da superación dos cursos de competencias en información organizados pola BUSC, na aplicación "Xescampus".

Por resolución da Secretaría Xeral do 12 de xullo de 2017 autorizouse por primeira vez o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela en determinados procedementos automatizados da USC, aos que se foron engadindo outros a medida que se foron automatizando.

O artigo 3.3 da Resolución Reitoral do 4 de setembro de 2018 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión dos cursos de competencias en información organizados pola BUSC para o seu recoñecemento como ECTS nas titulacións de grao, establece que *Una vez asinada a acta dunha actividade procederase a emitir a acreditación ou certificación individual ao alumnado que a superara, consonte ao modelo de certificación que aprobe a Secretaría Xeral. Esta acreditación non devengará prezos e será emitida a través da Secretaría Virtual do alumnado con selo de órgano.*

O artigo 31 do Regulamento de Transformación Dixital, Administración Electrónica e Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación da USC establece que *Por resolución da Secretaría Xeral autorizarase a utilización de selos de órgano en determinados procedementos automatizados da USC.*

Tendo en conta o estado de automatización dos procesos e procedementos de acreditación dos cursos de competencias en información organizados pola BUSC, procede incorporar o uso do selo de órgano na expedición dos correspondentes diplomas.

Por isto, resolvo:

- Autorizar o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela nas acreditacións da superación dos cursos de competencias en información organizados pola BUSC, xeradas na aplicación informática "Xescampus".
- Publicar como anexo a esta resolución a relación actualizada de procedementos para os que se autoriza o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela

A secretaria xeral

Diana Santiago Iglesias

Relación actualizada de procedementos para os que se autoriza o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela

Aplicación	Procedemento
Enquisas de avaliación docente	Certificado de avaliación do profesorado
Enquisas de avaliación docente	Resolución da solicitude de anulación da avaliación nunha materia
Moodle	Informe de uso
OIT Virtual	Certificado de pertenza a programas de RRHH
OIT Virtual	Certificado de composición actual de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de composición mínima de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de pertenza a grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de beneficiario de axudas propias da USC
OIT Virtual	Certificado de investigadores emerxentes
OIT Virtual	Certificado de consolidación de grupos de referencia competitiva
OIT Virtual	Certificado de consolidación de grupos con potencial crecemento
OIT Virtual	Certificado de convocatoria de redes de investigación
OIT Virtual	Certificado de participación en actividades de I+D
OIT Virtual	Certificado de historial de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de historial de grupo de investigación (formato corto)
Xescampus	Certificado de acreditación de probas de nivel de idiomas segundo o MECR
Xescampus	Certificado de acreditación de cursos de idiomas segundo o MECR
Xescampus	Certificado de titorización/cotitorización de TFG/TFM
Xescampus	Certificado de docencia
Xescampus	Certificado de participación en tribunais de TFG/TFM
Xescampus	Certificado académico
Xescampus	Certificado tipo BIR, EIR, FIR, MIR, PIR, QUIR
Xescampus	Certificado de título
Xescampus	Comunicación de subvencións de prezos públicos
Xescampus	Comunicación de falta de documentación (convocatoria de bolsas xerais do Ministerio)
Xescampus	Certificado de acreditación de competencias dixitais docentes
Xescampus	Diplomas do PFID
Xescampus	Diplomas dos cursos de competencias en información organizados pola BUSC
Sede Electrónica	Comprobante de publicación no Taboleiro
Sede Electrónica	Xustificante de rexistro de saída
Sede Electrónica	Xustificante de rexistro de entrada
Sede Electrónica	Xustificante de posta a disposición de notificación
Sede Electrónica	Xustificante de lectura dunha notificación
Xestor de formularios	Xustificante de solicitude presentada

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DIANA SANTIAGO IGLESIAS,
SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/03/2026 15:15:12.

CSV: B12F-C62C-4994-B432